

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032391	Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0690	Botánica agronómica	2024/2025	3	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CARMEN EIRAS DORADO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A normativa que regula as competencias a acadar neste módulo está contemplada no Decreto 170/2012, do 12 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural. Este decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural, determinado polo Real decreto 260/2011, do 28 de febreiro.

Esta programación vai dirixida a alumnos matriculados no Ciclo formativo de "Xestión forestal e do medio natural", que provén principalmente do ámbito rural e unha pequena porcentaxe do ámbito urbano. Da resposta á necesidade de proporcionar unha adecuada base teórica e práctica para coñecer o funcionamento e comportamento das especies máis abundantes no noso entorno. As persoas con esta titulación exercen a súa actividade na área de xestión de grandes, medianas e pequenas empresas, públicas ou privadas, tanto por conta allea como por conta propia, dedicadas á xestión forestal, á cinxético-piscícola, á de viveiros forestais, ao desenvolvemento de programas de educación ambiental, á información, comunicación, formación, interpretación e actividades de acompañamento e guía no medio socio-natural, e ao control e a vixilancia do medio natural e os seus recursos. Tamén exercen a súa actividade nos servizos de extinción de incendios forestais dependendo das administracións públicas. Así mesmo, teñen capacitación para organizar, controlar e realizar tratamentos praguicidas segundo a actividade regulada pola normativa.

O perfil profesional do título de técnico superior en "Xestión forestal e do medio natural" determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de riscos laborais de cualificacións profesionais incluídas no título. A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais seguintes:

- a) Planificar e realizar as actividades de repoboación forestal e de corrección hidrolóxica forestal, contribuíndo á mellora do medio natural.
- b) Programar a realización de tratamentos silvícolas, organizando os medios naturais e humanos requiridos.
- c) Programar e organizar as actividades de aproveitamentos dos produtos forestais e verificar os recursos do medio.
- d) Organizar e realizar os traballos de inventario, manexando os materiais e os equipamentos de medición.
- e) Programar as actuacións de mellora do hábitat das especies cinxéticas e acuícolas continentais, analizando o medio e as poboacións de especies vexetais e animais.
- f) Programar a produción de sementes e plantas en viveiro, analizando os factores que garanten a viabilidade e calidade dos produtos.
- g) Controlar e protexer o medio natural, e verificar que as actuacións que se levan a cabo se realicen consonte a lexislación.
- h) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e do seu equipamento, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Sistemática e taxonomía	Estudo da sistemática e taxonomía vexetal, e manexo das claves para a clasificación das especies do entomo	20	15
2	Morfoloxía e anatomía vexetal	Descrición dos caracteres morfolóxicos e anatómicos das especies vexetais	25	25
3	Fitoxeografía	Estudo das distribución das plantas nas diferentes áreas bioxeográficas	17	10
4	Plantas cultivadas, importancia	Estudo da orixe e evolución das plantas cultivadas para consumo: cereais, legumes, hortalizas, verduras,	9	10
5	Plantas ornamentais e a súa diversidade na xardinería	Ecoloxía e bioxeografía das especies ornamentais empregadas en xardinería, revexetación e restauración da paisaxe	12	10
6	Plantas forestais e a súa distribución, características funcionais	Ecoloxía e bioxeografía das especies forestais máis importantes: árbores, arbustos e matas.	13	30

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Sistemática e taxonomía	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a identificación das plantas utilizando técnicas e métodos taxonómicos.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os sistemas de clasificación taxonómica.
CA1.2 Caracterízanse as principais familias.

Criterios de avaliación
CA1.2.1 Caracterizaronse as principais familias de plantas cultivadas
CA1.3 Recolléronse plantas e partes de plantas.
CA1.4 Detalláronse os aspectos morfolóxicos máis salientables para a identificación da planta.
CA1.5 Recoñecéronse as claves sistemáticas de identificación de plantas.
CA1.6 Manexáronse as claves sistemáticas para a identificación de plantas.
CA1.7 Manipuláronse as plantas co instrumental de identificación.
CA1.8 Utilizáronse os equipamentos ópticos de visualización.
CA1.9 Encadrouse a planta dentro da clasificación.
CA1.10 Acondicionáronse as plantas e as súas partes para a súa conservación.
CA1.11 Aplícouse a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemática e taxonomía: sistemas de clasificación, categorías e unidades taxonómicas; nomenclatura.
Principais familias: clasificación. Especies representativas.
Recolección: materiais e métodos. Clasificación. Especies representativas.
Aspectos para observar na identificación. Características morfolóxicas.
Claves sistemáticas para a identificación de plantas: tipos; manexo; encadre taxonómico.
Instrumental e equipamentos ópticos utilizados na identificación: manexo.
Acondicionamento das plantas e as súas partes. Conservación. Elaboración de herbarios. Papel dos herbarios. Usos das coleccións.
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Morfoloxía e anatomía vexetal	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a identificación das plantas utilizando técnicas e métodos taxonómicos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os sistemas de clasificación taxonómica.
CA1.2 Caracterízanse as principais familias.
CA1.2.1 Caracterízanse as principais familias de plantas cultivadas
CA1.3 Recolléronse plantas e partes de plantas.
CA1.4 Detálláronse os aspectos morfolóxicos máis salientables para a identificación da planta.
CA1.5 Recoñecéronse as claves sistemáticas de identificación de plantas.
CA1.6 Manexáronse as claves sistemáticas para a identificación de plantas.
CA1.7 Manipuláronse as plantas co instrumental de identificación.

Criterios de avaliación
CA1.8 Utilizáronse os equipamentos ópticos de visualización.
CA1.9 Encadrouse a planta dentro da clasificación.
CA1.10 Acondicionáronse as plantas e as súas partes para a súa conservación.
CA1.11 Aplicouse a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemática e taxonomía: sistemas de clasificación, categorías e unidades taxonómicas; nomenclatura.
Principais familias: clasificación. Especies representativas.
Recolección: materiais e métodos. Clasificación. Especies representativas.
Aspectos para observar na identificación. Características morfolóxicas.
Claves sistemáticas para a identificación de plantas: tipos; manexo; encadre taxonómico.
Instrumental e equipamentos ópticos utilizados na identificación: manexo.
Acondicionamento das plantas e as súas partes. Conservación. Elaboración de herbarios. Papel dos herbarios. Usos das coleccións.
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Fitoxeografía	17

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a identificación das plantas utilizando técnicas e métodos taxonómicos.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Localiza xeograficamente as especies vexetais, para o que interpreta os documentos de distribución bioxeográfica.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.11 Aplícase a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Clasifícanse as áreas bioxeográficas do mundo.
CA2.2 Caracterízanse os factores biolóxicos que determinan as áreas de distribución.
CA2.3 Identifícanse as áreas fitoxeográficas de distribución en España.
CA2.4 Relacionáronse as especies de plantas coas áreas bioxeográficas.
CA2.5 Utilízase cartografía, a documentación e as tecnoloxías da información e da comunicación.
CA2.6 Defínense os patróns globais e locais de riqueza florística e endemismo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.
Áreas bioxeográficas: clasificación. Tipos de áreas de distribución: cosmopolitas e continuas, disxuntas e vicariantes; endémicas e relictas; artificiais e naturais.
Factores ecolóxicos que determinan a configuración das áreas.
Áreas fitoxeográficas en España. Especies características. Territorios e cortexos florísticos. Relación especie-área. Variacións temporais nas áreas de distribución. Plantas invasoras.
Fontes de información: datos, cartografía, tecnoloxías da información e da comunicación, etc.: uso.
Patróns globais e locais de riqueza florística: endemismo e relicto.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Plantas cultivadas, importancia	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a identificación das plantas utilizando técnicas e métodos taxonómicos.	NO
RA3 - Caracteriza as plantas cultivadas, para o que analiza a morfoloxía, os aproveitamentos e as variedades.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.11 Aplicouse a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.
CA3.1 Caracterizáronse as especies naturais de onde proveñen as plantas cultivadas.
CA3.2 Describiuse o proceso de domesticación das especies vexetais salvaxes.
CA3.3 Clasificáronse as plantas cultivadas polo seu aproveitamento.
CA3.3.1 Clasificaróense os cultivos de horta
CA3.3.2 Clasificaróense os cultivos extensivos
CA3.4 Diferenciáronse as principais especies vexetais cultivadas.
CA3.5 Realizouse a identificación de visu das principais especies cultivadas.
CA3.5.1 Realizouse a identificación de visu das principais especies cultivadas da comarca
CA3.6 Describiuse a bioloxía das especies vexetais cultivadas.

Criterios de avaliación

CA3.7 Relacionouse a especie vexetal coas súas variedades e os seus patróns.

4.4.e) Contidos
Contidos

Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

Domesticación dos vexetais: proceso. Etnobotánica e conservación dos recursos fitoxenéticos.

Procedencia das plantas cultivadas. Especies naturais: orixe.

Aproveitamentos das plantas cultivadas: clasificación.

Aspectos morfolóxicos e fisiolóxicos máis salientables para a identificación do cultivo.

Principais especies vexetais cultivadas: descrición.

Bioloxía das especies vexetais cultivadas: diferenzas.

Variedades e patróns: hibridación; enxeñaría xenética; plantas transxénicas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Plantas ornamentais e a súa diversidade na xardinería	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a identificación das plantas utilizando técnicas e métodos taxonómicos.	NO
RA4 - Caracteriza as plantas de xardín, para o que analiza os parámetros biométricos e o valor ornamental.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.11 Aplícase a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.
CA4.1 Describiuse a diversidade de plantas ornamentais en xardinaría, revexetación do medio natural e restauración da paisaxe.
CA4.2 Clasifícanse as plantas ornamentais.
CA4.3 Distingúronse as especies botánicas máis frecuentemente utilizadas en xardíns.
CA4.4 Realízase a identificación de visu das principais especies utilizadas en xardinaría e restauración da paisaxe.
CA4.5 Defínense as características ecolóxicas e bioxeográficas das plantas ornamentais.
CA4.6 Estímase o valor ornamental das especies de xardinaría.
CA4.7 Valórase a forma e o tamaño das especies ornamentais.
CA4.8 Realízase unha prospección de especies autóctonas ou de baixos requisitos ecolóxicos para a súa utilización en xardinaría.

4.5.e) Contidos

Contidos
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.
Planta ornamental: concepto e orixes; diversidade. Plantas autóctonas e alóctonas.
Clasificación das plantas ornamentais: árbores, palmeiras, arbustos, vivaces, gabeadoras, de temporada, etc.
Especies botánicas máis frecuentes utilizadas en xardinaría, revexetación do medio natural e restauración da paisaxe: descrición.
Aspectos morfolóxicos e fisiolóxicos máis salientables para a identificación das plantas de xardín.
Características ecolóxicas e bioxeográficas das plantas ornamentais: distribución; procedencia e requisitos.
Valor ornamental: concepto. Criterios de elección de especies.

Contidos
Características morfolóxicas e de crecemento: forma e tamaño definitivos.
Especies autóctonas: importancia.
Especies ornamentais invasoras: características e condicións de uso.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Plantas forestais e a súa distribución, características funcionais	13

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a identificación das plantas utilizando técnicas e métodos taxonómicos.	NO
RA5 - Identifica os caracteres culturais das especies forestais analizando os factores ecolóxicos e morfolóxicos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.11 Aplícase a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.
CA5.1 Analizáronse os efectos dos factores ecolóxicos sobre as especies forestais.
CA5.2 Determinouse a habitación das especies forestais.
CA5.3 Caracterizouse a estación das especies forestais.
CA5.4 Clasificáronse as especies forestais en función do temperamento e a reprodución.
CA5.5 Caracterizouse o porte das especies forestais.
CA5.6 Describiuse o sistema radical das especies forestais.

Criterios de avaliación

CA5.7 Concretouse o crecemento das especies forestais.

CA5.8 Concretouse a lonxevidade das especies forestais.

4.6.e) Contidos**Contidos**

Sistemática e taxonomía: sistemas de clasificación, categorías e unidades taxonómicas; nomenclatura.

Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

Factores ecolóxicos: factores abióticos e bióticos. Clima, solo, fisiografía e coaccións entre especies.

Habitación: concepto. Clasificación de especies forestais segundo a habitación. Aplicación no uso de especies forestais.

Estación: calidade e influencia sobre as especies forestais. Valores limitantes.

Temperamento das especies forestais. Reprodución. Consecuencias sobre a rexeneración das especies forestais, a poda natural e a morfoloxía. Clasificacións.

Porte específico e porte forestal: tipos e características.

Sistema radical das especies forestais: morfoloxía e características.

Crecedemento das especies forestais. Parte aérea da especie forestal. Medida do desenvolvemento individual e da masa.

Lonxevidade das especies forestais: técnicas de determinación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva.

RA1. Realiza a identificación das plantas utilizando técnicas e métodos taxonómicos.

CA1.1. Describíronse os sistemas de clasificación taxonómica.

- CA1.2. Caracterizáronse as principais familias.
- CA1.3. Recolléronse plantas e partes de plantas.
- CA1.4. Detalláronse os aspectos morfolóxicos máis salientables para a identificación da planta.
- CA1.5. Recoñecéronse as claves sistemáticas de identificación de plantas.
- CA1.6. Manexáronse as claves sistemáticas para a identificación de plantas.
- CA1.7. Manipuláronse as plantas co instrumental de identificación.
- CA1.9. Encadrouse a planta dentro da clasificación.
- CA1.11. Aplicouse a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.
- RA2. Localiza xeograficamente as especies vexetais, para o que interpreta os documentos de distribución bioxeográfica.
 - CA2.1. Clasifícanse as áreas bioxeográficas do mundo.
 - CA2.2. Caracterizáronse os factores biolóxicos que determinan as áreas de distribución.
 - CA2.3. Identifícanse as áreas fitoxeográficas de distribución en España.
 - CA2.4. Relacionáronse as especies de plantas coas áreas bioxeográficas.
 - CA2.6. Definíronse os patróns globais e locais de riqueza florística e endemismo.
- RA3. Caracteriza as plantas cultivadas, para o que analiza a morfoloxía, os aproveitamentos e as variedades.
 - CA3.1. Caracterizáronse as especies naturais de onde proveñen as plantas cultivadas.
 - CA3.3. Clasifícanse as plantas cultivadas polo seu aproveitamento.
 - CA3.4. Diferenciáronse as principais especies vexetais cultivadas.
 - CA3.5. Realizouse a identificación de visu das principais especies cultivadas.
- RA4. Caracteriza as plantas de xardín, para o que analiza os parámetros biométricos e o valor ornamental.
 - CA4.1. Describiuse a diversidade de plantas ornamentais en xardinaria, revexetación do medio natural e restauración da paisaxe.
 - CA4.2. Clasifícanse as plantas ornamentais.
 - CA4.3. Distinguíronse as especies botánicas máis frecuentemente utilizadas en xardíns.
 - CA4.4. Realizouse a identificación de visu das principais especies utilizadas en xardinaria e restauración da paisaxe.
 - CA4.7. Valorouse a forma e o tamaño das especies ornamentais.
 - CA4.8. Realizouse unha prospección de especies autóctonas ou de baixos requisitos ecolóxicos para a súa utilización en xardinaria.
- RA5. Identifica os caracteres culturais das especies forestais analizando os factores ecolóxicos e morfolóxicos.
 - CA5.2. Determinouse a habitación das especies forestais.
 - CA5.3. Caracterizouse a estación das especies forestais.
 - CA5.4. Clasifícanse as especies forestais en función do temperamento e a reprodución.
 - CA5.5. Caracterizouse o porte das especies forestais.

CA5.7. Concretouse o crecemento das especies forestais.

CA5.8. Concretouse a lonxevidade das especies forestais.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase a aprendizaxe dos alumnos/as, o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.

Os tipos de avaliación que se realizarán son: Inicial de coñecementos previos, continua e final de módulo, co fin de obter unha información e valoración que permita tomar decisións de cara ó futuro acerca do funcionamento de todo o proceso.

5.2 Criterios de cualificación.

5.2.1 Cualificación parcial:

A cualificación parcial de cada avaliación trimestral determinarase tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

- 2,5 puntos: actividades de aula e supostos prácticos. Deberá acadar o aprobado (1,25 puntos) nas tarefas e supostos prácticos.
- 1 punto: actitude e participación na aula.
- 6,5 puntos: probas obxectivas (escritas). Deberá acadar o aprobado (3,25 puntos) para superar os mínimos esixibles.

No suposto caso de que non acade nas actividades de aula e nas probas obxectivas a puntuación mínima dun cinco (5), deberá recuperar a parte non superada.

A avaliación parcial farase trimestral e das unidades impartidas.

En cada avaliación parcial é necesario superar os CA mínimos das unidades didácticas desenvolvidas nese periodo.

Criterios dos instrumentos de avaliación

- Listas de cotexo: De 0 a 10 puntos nunha escala (si/non) sobre 10 items.
- Probas obxectivas: De 0 a 10 puntos. O valor de cada pregunta e nº delas se indicara en cada proba.
- Rexistros anecdóticos: De 0 a 10 puntos segundo puntuación de 5 items. Un rexistro por UD.
- Cada práctica será avaliada por unha lista de cotexo. A nota será de 0 a 10.
- Cada proba obxectiva escrita constará de varias preguntas. En cada proba se indicará o valor de cada pregunta sendo a nota de 0 a 10 puntos.

No caso de non acadar unha puntuación de 5 en calquera instrumento de avaliación, será preciso facer unha proba de recuperación ao final de curso.

A nota (informativa) da primeira e segunda avaliación será a media ponderada das porcentaxes das unidades avaliadas ata ese momento. A nota da terceira avaliación será a correspondente ás porcentaxes indicadas para cada UD nesta programación. En todo caso, de non acadar unha nota mínima de 5 puntos nalguna unidade didáctica ou non superar algún criterio mínimo, a nota máxima será de 4 (catro) nesa avaliación.

MINIMOS ESIXIBLES

Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación de 5 puntos en cada unha das unidades didácticas. En caso contrario, a nota máxima será de 4 (catro).

Antes de cada unha das prácticas e probas indicárase ao alumno cáles son os mínimos esixibles.

No caso de non superar todos os criterios mínimos dunha proba, a nota desa avaliación será de 4 ou, se a media fose inferior, sería a nota media.

Mentras non se superen todos os mínimos dos instrumentos de avaliación, o módulo se considera suspenso, xa que se considera que faltan por acadar aspectos fundamentais na consecución dos resultados de aprendizaxe.

No caso de atopar copiando nun instrumento de avaliación, invalidarase a proba, sendo preciso realizar unha recuperación a final de curso.

Ao remate do curso os alumnos terán opción a presentarse a unha proba extraordinaria para recuperar aquelas partes que non superaran nas probas parciais realizadas ao longo do curso.

Criterio de cualificación final: media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais igual ou superior a 5.

5.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Avaliarase a aprendizaxe dos alumnos/as, o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.

Os tipos de avaliación que se realizarán son: inicial de coñecementos previos, trimestral e final de módulo co fin de obter unha información e valoración que permita tomar decisións de cara a poñer a cualificación final.

En canto ás técnicas ou instrumentos empregados para a avaliación, recurrirase a observación sistemática a través de:

- Probas convencionais escritas.
- Probas obxectivas.
- Resolución de supostos prácticos.
- Probas prácticas.
- Participación e colaboración dentro das actividades de grupo.
- Observación directa na aula e no campo.
- Elaboración e exposición de traballos.

- Elaboración, presentación e entrega de cuestionarios de preguntas.
- Expresión oral e escrita.
- Respecto polas persoas, compañeiros, materiais e polo medioambiente.
- Orde, rigor e seguridade e hixiene no traballo.
- Iniciativa e autonomía na execución de tarefas.
- Manexo e interpretación da documentación técnica.
- Colaboración cos compañeiros do grupo.
- Puntualidade e asistencia a clase.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

a.- Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado:

Para o alumnado que non supere o módulo na terceira avaliación parcial, realizarase un informe individualizado, expresado en termos de capacidades terminais elementais non superadas e fixarase un plan de recuperación individual, marcando un calendario polo equipo docente para realizar as actividades de recuperación.

As actividades de Identificar, Describir, Relacionar, Analizar ou Comprobar poden ser realizados de forma máis ou menos autónoma polo alumnado no período de recuperación baixo unhas pequenas directrices e unha lixeira supervisión do profesor, manexando a bibliografía ou os medios dos que dispón o Centro.

b.- Reforzos para lograr a recuperación:

Realizaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe.

Unha vez feita a avaliación de aspectos concretos do módulo tomaranse medidas correctoras para lograr que aqueles alumnos/as que de acordo coa avaliación, presentan carencias con respecto a certos obxectivos. Estas correccións materialízanse en actividades de reforzo consistentes en repetir a proba escrita e corrixir ou repetir as probas prácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que superen o 10% de faltas inustificadas terán perda do dereito a avaliación continua, según a normativa vixente. Para eles se fará unha proba onde se inclúan todos os criterios de avaliación, e os mínimos esixibles para cada CA, así como os instrumentos de avaliación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento de temporización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos a docencia, a forma de traballar na aula, técnicas de avaliación, así como cuestións que indíquense se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento da programación farase polo dpto agraria cunha periodicidade mensual. Así mesmo a profesora fará o seguimento da mesma para así detectar e corregir desviacións respecto do planificado a comezos de curso. O rematar cada unidade didáctica revisaranse: Resultados de aprendizaxe, contidos, actividades programadas e criterios de avaliación, para comprobar o grao de cumprimento e os posibles cambios a facer con vistas ao próximo curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Según normativa vixente, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Ao comenzo do curso entregaselle ó alumno/a un cuestionario para coñecer o seu nivel previo de coñecemento sobre contidos xerais do módulo.

Poderanse realizar adaptacións según as necesidades dos alumnos, previa consulta o Departamento.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No proceso de ensinanza aprendizaxe poden xurdir dificultades, para subsanalas tomaremos as seguintes medidas:

- Avaliación inicial, a través da cal coñeceremos o nivel de coñecemento dos alumnos.
- O diálogo profesor - alumno debe ser continuo ao fin de posibilitar a adaptación de determinadas actividades ó nivel de coñecementos previos de cada alumno/a.
- Estableceránse secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Deseñaranse actividades de ensino - aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Fomentarase o traballo en grupo e axuda entre compañeiros.
- Consideraranse diferentes tempos para a realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

En cada unidade didáctica incluíranse aspectos relacionados coa educación en valores. A temática a abordar serán sobre o seguinte:

- Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Respeto e sensibilización polo medio ambiente.
- Igualdade e respecto polas minorías étnicas.
- Educación para a igualdade e non discriminación.
- Educación para a saúde.
- Educación ética; fomentarase o respecto polas opinións de todos e a adopción dunha actividade aberta e crítica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas formativas a:

- Alameda de Santiago de Compostela.
- Parque da Música e de Vista Alegre en Santiago de Compostela.
- Charla formativa sobre plantas medicinais, impartida pola USC.

10. Outros apartados

10.1) Recursos didácticos

O material empregado para o desenvolvemento das clases será diverso dependendo da Unidade Didáctica correspondente, o cal foi especificado en cada U.D., pero de forma xeral serán os seguintes:

- Libros de texto e guías de árbores e plantas.
- Pizarra, retroproyector, ordenador e canón electrónico.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación .

Os alumnos deberán vir provistos do seguinte material:

- Caderno de traballo/archivador.
- Material para escritura (bolígrafo, lapis, goma de borrado, .
- Memoria USB, para almacenar e dispor de copia de seguridade do traballo realizado na aula.

Alumnado que teña dificultade para seguir a formación a distancia.

Con este alumnado utilizarase o correo electrónico, para:

- Enviarlle temas, traballos e tarefas para estudar e traballar. As tarefas e traballos terán que devolvelas/os, polo mesmo medio e no prazo establecido pola profesora.

10.2) Comunicación

Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade e de acordo ao punto 4 do artigo 23 da Orde de 12 de xullo de 2011, comunicáraselle verbalmente, que a programación didáctica está exposta ao público na aula e na páxina web do CIFP Santiago.